

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1	CENTRO: CEIP FLAVIA CURSO: 1º, 2º e 5º MATERIA: LINGUA ESTRANXEIRA
--	----------	--

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación).
4. Información e publicidade.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1	CENTRO: CEIP FLAVIA CURSO: 1º, 2º e 5º MATERIA: LINGUA ESTRANXEIRA
--	----------	--

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 1º EP	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e moi sinxelos, rimas infantís, adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.	Comprende algunha información esencial de contos, rimas ou cancións moi breves e sinxelos, emitidos lentamente, cunha pronunciación ben articulada, con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.
B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos ...), sinxelas, así como instrucións e peticións elementais relativas ó comportamento na aula.	Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes que os ilustran con claridade.
B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos moi breves, sinxelos e moi elementais, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, e conteñan apoio visual moi redundante en soporte papel ou dixital.	Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados.
B3.2. Utilizar as estratexias básicas de hipóteses para a comprensión do sentido xeral e a identificación da información esencial do texto.	Comprende a idea principal dunha historia moi elemental acompañada de apoio visual e identifica as personaxes principais.
B3.3. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas elementais relacionados coas convencións ortográficas máis básicas que expresan pausas e exclamacións.	Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do título do mesmo e das imaxes que o ilustran.
B4.1. Escribir textos moi curtos e sinxelos, seguindo modelos compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas máis elementais e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata	Escrebe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1	CENTRO: CEIP FLAVIA CURSO: 1º, 2º e 5º MATERIA: LINGUA ESTRANXEIRA
--	----------	--

e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	
B5.4. Expresar nocións moi básicas e elementais relativas ó tamaño, cantidade, posesión, número, calidades físicas, forma e cor.	Diferencia saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (<i>Please, thank you, excuse me</i>).
B5.11. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.	Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados, etc.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1	CENTRO: CEIP FLAVIA CURSO: 1º, 2º e 5º MATERIA: LINGUA ESTRANXEIRA
--	----------	--

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 2º EP	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e moi sinxelos, rimas infantís, adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.	Comprende algunha información esencial de contos, rimas ou cancións moi breves e sinxelos, emitidos lentamente, cunha pronunciación ben articulada, con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.
B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos...), instrucións elementais e peticións relativas ao comportamento na aula.	Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual.
B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos simples e breves relacionados con temas familiares e de interese para o alumnado, que contan con apoio visual.	Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.
B3.2. Utilizar e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a e as ideas principais do texto.	Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais.
B3.3. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas relacionadas coas convencións ortográficas básicas que expresan pausas, exclamacións e interrogacións.	Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do título do mesmo e das imaxes que o ilustran.
B4.1. Escribir textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da	Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1	CENTRO: CEIP FLAVIA CURSO: 1º, 2º e 5º MATERIA: LINGUA ESTRANXEIRA
--	----------	--

súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	
B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras curtas que utiliza normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.	Escribe frases moi sinxelas, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.
B5.4. Obter e dar información básica persoal, á súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula.	Diferenza saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (<i>Please, thank you, excuse me...</i>).
B5.5. Expresar nocións moi básicas e elementais relativas a tamaño, cantidade, posesión, número calidades físicas, forma e cor.	Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples moi próximos á súa idade con imaxes ilustrativas que clarifican o seu significado.
B5.14. Valorar as linguas estranxeiras como instrumento de comunicación	Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente de forma oral.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 5º EP	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves, con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso moi frecuente e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias do alumnado, articulados con claridade e transmitidos de viva voz ou por soportes multimedia que non distorsionen a mensaxe.	Comprende o sentido global e a información máis importante de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá adecuados á súa idade, procedentes de medios audiovisuais ou da Internet.
B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral e a información mais importante do texto.	Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (xogos de ordenador, peticións, instrucións) sobre temas do seu interese, expresados con claridade e que contén con apoio visual en soporte papel ou dixital.
B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e cun léxico cotián de interese para o alumnado e que conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.	Comprende información básica escrita en notas, tendas e medios de transporte, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.
B3.2. Recoñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos.	Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo, con apoio visual, procedente dos medios de comunicación adaptados á súa competencia lingüística e acorde coa súa idade.
B4.1. Elaborar textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa	Elabora textos sinxelos relacionados con temas da súa vida cotiá, experiencias e actividades na aula, traballados previamente de forma oral.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1	CENTRO: CEIP FLAVIA CURSO: 1º, 2º e 5º MATERIA: LINGUA ESTRANXEIRA
--	----------	--

contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	
B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos.	Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura propios de situacións de relación interpersonal (invitacións, notas, avisos).
B4.7. Usar ferramentas informáticas para completar actividades preelaboradas polo persoal docente, realizar sinxelas presentacións e transmitir información.	Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado (elaboración dunha enquisa, SMS, correspondencia persoal simple en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata...).
B4.8. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable.	Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas, etc.
B5.5. Obter e dar información persoal máis detallada, aparencia física, afeccións... en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula.	Identifica en textos simples: as formas de presente e pasado simple, a afirmación e a negación...
B5.10. Expresa e comprende indicacións e ordes.	Diferencia preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información.
B5.14. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas da vida da aula ou fóra dela.	Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións da aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1	CENTRO: CEIP FLAVIA CURSO: 1º, 2º e 5º MATERIA: LINGUA ESTRANXEIRA
--	----------	--

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Será global, formativa, individualizada e integradora.</p> <p>Valorarase o rendemento académico do alumnado, tendo en conta a súa situación particular na realización e na presentación das tarefas.</p>
	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none">• Observación sistemática, na medida do posible, empregando os medios dixitais habituais (correo electrónico, webex e blog).• Análise dos materiais enviados polo alumnado.• Subida de tarefas de repaso e reforzo á web do centro, seguimento e recollida das mesmas a través do correo electrónico.
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none">• Diario para a recollida de datos.• Uso do blog (https://lakasitoshouse.blogspot.com/) e doutros medios para a realización das tarefas propostas.• Instrumentos dixitais (web de centro e correos electrónicos).
Cualificación final	<p>A cualificación final será a media das cualificacións obtidas no 1º e 2º trimestres, que suporá un 70%, xunto coa valoración das tarefas e traballos recollidos no 3º trimestre, que suporá o 30% restante.</p> <p>Unha avaliación positiva do terceiro trimestre suporá a recuperación das materias pendentes das avaliacións anteriores.</p> <p>Será decisión do equipo de avaliación modificar esas porcentaxes para poder mellorar a cualificación do alumnado, no caso de que se considere que as avaliacións anteriores foran superadas.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>Serán variadas e suporán unha revisión dos contidos previamente tratados na aula ao longo do primeiro e do segundo trimestres. Tamén poden incorporar algún vocabulario ou estrutura novos a modo de ampliación, que non requirirán ser avaliados.</p> <p>Moitas poderán realizarse a través da rede, visitando o blog (https://lakasitoshouse.blogspot.com/) ou outras páxinas que se propoñan, e consistirán en vídeos de presentación de vocabulario, de cancións, de contos, e en xogos de sopa de letras, de unir imaxes e palabras, de completar palabras, xogos online...</p> <p>Outras requirirán ser enviadas por correo electrónico ao profesorado para poder ser avaliadas e publicaranse na páxina do colexio.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>As tarefas publicaranse semanalmente na páxina web do colexio, no apartado de 4º curso; puidendo ademais colgarse tamén na aula virtual. Tentarase que teñan unha perspectiva lúdica ou de investigación coa idea de que o repaso dos contidos que xa se traballaran resulte máis dinámica e proveitosa para o alumnado.</p> <p>Sempre se enviarán vídeos, xogos, pequenos textos de mostra... antes de solicitar unha actividade de elaboración propia.</p> <p>O profesorado estará disponible para a atención individualizada do alumnado a través do correo electrónico corporativo e poderá asimesmo facer uso das plataformas e ferramentas que permitan manter a conexión co grupo.</p> <p>No caso de existir algún problema de conectividade tratará de solventarse coa axuda do equipo directivo do centro.</p>
Materiais e recursos	<p>Páxina web do centro educativo, blog de lingua estranxeira (https://lakasitoshouse.blogspot.com/), páxinas web que se consideren de interese para desenvolver actividades ou ampliar informacións, vídeos relacionados coa temática a tratar...</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Esta adaptación da programación enviarase para a súa publicación na páxina web do centro e informarse ás familias da súa existencia. O profesorado solventará as dúbidas que poidan surxir nas familias e no alumnado para garantir o seu coñecemento das condicións de traballo nesta terceira avaliación.
Publicidade	Publicarase na páxina web do centro.